

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

DECRETO NÚMERO 718/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

**Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
Lugo, a dezaseis de setembro de dous mil oito.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 3.09.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de Animador/a Sociocultural pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a dúas prazas de Animador/a Sociocultural pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 3.09.2008, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto regular os aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

carreira, a dúas prazas de animador/a sociocultural, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".

O órgano competente da Corporación poderá adscribir a persoa aspirante nomeada, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: animador sociocultural
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: técnico medio

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de diplomado/a en traballo social ou asistente social, educación social ou certificado de habilitación como educador/a social.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN. As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

- d) Do mesmo xeito, deberán xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre e de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, haberá que averse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A animación sociocultural. Historia, concepto, características e funcións.

Tema 2.- A animación sociocultural nos concellos. Práctica nos municipios das distintas comunidades autónomas do Estado español. O camiño cara á sociedade civil. O Regulamento de participación cidadá do Concello de Lugo.

Tema 3.- A animación sociocultural na Comunidade Europea segundo os distintos ámbitos e administracións. Diversas formas de actuación.

Tema 4.- Lei da dependencia. Contido.

Tema 5.- Plans socioculturais integrados.

Tema 6.- O traballo en equipo. A dirección do traballo en equipo e os distintos poderes que se realizan no seu exercicio.

Tema 7.- A formación ocupacional. As políticas municipais de emprego. Actuacións no concello de Lugo.

Tema 8.- A Lei de servizos sociais de Galicia. Estrutura e contido.

Tema 9.- Competencias dos concellos en materia de servizos sociais. Os servizos sociais no concello de Lugo. Modelo organizativo municipal.

Tema 10.- A Lei de medidas básicas para a inserción social. Antecedentes. Estrutura e contido.

Tema 11.- A política social da Comunidade Europea. O Fondo Social Europeo.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

Tema 12.- Competencias dos concellos en materia de xuventude. Bases legais. O servizo de xuventude no concello de Lugo.

Tema 13.- A intervención sociocultural na educación infantil e secundaria. O servizo de educación no concello de Lugo.

Tema 14.- A animación á lectura. Promoción dos servizos bibliotecarios municipais. Colaboración coa Biblioteca municipal.

Tema 15.- Equipamentos culturais: tipoloxía e planificación no municipio.

Tema 16.- Os presupostos na Administración local. Contabilidade e contas.

Tema 17.- Xestión orzamentaria. Principios básicos e procedemento da xestión de gastos.

Tema 18.- Procedementos de contratación na Administración local de persoas e servizos. Bases legais.

SEGUNDA PARTE

Tema 1.- A animación sociocultural na terceira idade. Integración co resto da comunidade ou tratamento selectivo.

Tema 2.- Intervención sociocultural na infancia e xuventude.

Tema 3.- O proceso de intervención perante o maltrato infantil. Factores de risco.

Tema 4.- Intervención sociocultural na etnia xitana. A poboación xitana no municipio de Lugo. Medidas para a súa integración e conservación da tradición.

Tema 5.- A intervención do/a animador/a sociocultural no ámbito das drogodependencias. A rede de atención de drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia. Actuacións no concello de Lugo.

Tema 6.- Lei de integración social para minusválidos. Os equipos técnicos de valoración: composición e funcións.

Tema 7.- Os servizos sociais destinados á terceira idade na Comunidade Autónoma de Galicia e no concello de Lugo.

Tema 8.- Educación permanente de adultos. Ensinanza compensatoria. Intervención do animador sociocultural.

Tema 9.- Problemática da muller. Recursos. Servizos de Atención á Muller no concello de Lugo.

Tema 10.- Normativa reguladora de menores, da adopción e do acollemento.

Tema 11.- Regulamento e competencias dos xulgados de menores. As respostas de intervención sociocultural ante a reinserción dos infractores penais infantís e xuvenís.

Tema 12.- O plan integral de apoio á familia. Metodoloxía da intervención.

Tema 13.- Organizacións xuvenís e modos de intervención.

TERCEIRA PARTE

Tema 1.- A animación sociocultural no ámbito urbano.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Animador sociocultural (2).doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Animador sociocultural - q.c.e

Tema 2.- A animación sociocultural no ámbito rural.

Tema 3.- A Lei do voluntariado da Comunidade Autónoma Galega.

Tema 4.- Os centros de información xuvenil. O Consello da Xuventude de Galicia.

Tema 5.- Os centros socioculturais: organización, distribución de espazos, equipamento e normas de seguridade.

Tema 6.- Os centros socioculturais: obxectivos, funcións e organización do equipo de traballo.

Tema 7.- Dinámicas de grupo. Técnicas de acción grupal.

Tema 8.- Avaliación de programas e proxectos.

Tema 9.- O financiamento das actividades da intervención sociocultural: busca de recursos económicos alleos á Administración local. Patrocinio e mecenado cultural.

Tema 10.- O ocio e o tempo libre.

Tema 11.- O ocio, a cultura e o medio ambiente.

Tema 12.- Drogodependencias: concepto, problemática social e laboral. Servizos e recursos.

Tema 13.- Clasificacións das drogodependencias e os seus efectos.

Tema 14.- Factores de risco e de protección relacionados coas drogodependencias.

Tema 15.- As drogodependencias no ámbito escolar e familiar.

Tema 16.- A intervención mediante o ocio e o tempo libre como prevención das drogodependencias.

Tema 17.- Programas de prevención en drogodependencias: planificación, execución e avaliación.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.